

## EDICTO

A Xunta de Goberno Local, o 13.06.22, aprobou inicialmente a modificación puntual do Plan Parcial Reformado do Polígono Residencial de Esteiro en Ferrol formulada pola Universidade da Coruña na parcela catastral 2849201NJ6125S0001RH, coa suspensión do outorgamento de licenzas en dito soar nos termos do artigo 86 do *Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia*.

Sométese o documento aprobado inicialmente a información pública durante o prazo de dous meses de acordo co artigo 75 da *Lei 2/2016 do solo de Galicia*, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

O documento está a disposición do público no Servizo de Urbanismo deste Concello (rúa María, núm. 54, 5º, horario de 9:00h a 14:00h), e na páxina web do Concello.

As alegacións poderán achegarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas*.

Ferrol, 13 de xuño de 2022

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas,  
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,  
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.  
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)  
Julián Reina Villalón  
(asinado dixitalmente)